

Hotel Canelas

Lg. Canelas, 12

36970 Portonovo - Sanxenxo (Pontevedra)

Teléfono: 986 72 08 67

E-mail: info@hotelcanelas.com

Web: www.hotelcanelas.com

ACCESIBILIDADE FÍSICA

Entorno inmediato ao establecemento

- A rúa de acceso xunto á estrada xeral e é chaira, ampla e despexada de obstáculos.

Acceso

- A entrada principal do hotel **ten 2** chanzos de **17 cm** de altura e xunto a eles hai unha rampla de acceso como itinerario alternativo accesible.
- A rampla mide **2,60 m** de lonxitude, **1,20 m** de ancho e ten unha inclinación do **3,5%**.
- Carece de pasamáns.
- A porta é de apertura manual, abre cara a fóra e ten un ancho libre de paso de **1,30 m**.
- Existe un timbre de chamada situado a unha altura de **1,19 m**.

Vestíbulo e recepción

- O mostrador ten unha altura de **1,16 m**, non adaptado para usuarios de cadeira de rodas, xa que non permite a aproximación frontal a este.

Cuarto Adaptado (Nº 103)

- N.º cuartos adaptados: **1**. Está na **1ª** planta e o itinerario é accesible utilizando o ascensor.
- A porta de entrada ten un ancho libre de paso de **76 cm**.
- No dormitorio existe un espazo libre de **1,50 m** de diámetro para facer un xiro de **360°** coa cadeira de rodas. A distancia entre mobles é de **1,10 m**.
- A cama ten unha altura de **55 cm** e accédese a esta polo lado dereito por un espazo de 70 cm de ancho e polo esquerdo de **1,60 m**.
- As portas dos armarios son corredías de doada apertura.
- O interruptor da luz e o teléfono están situados xunto á cama e os aparatos de control de temperatura están a unha altura de **1,55 m**.

Cuarto de baño do cuarto adaptado

- A porta abre cara a dentro e ten un ancho libre de paso de **77 cm**.
- No interior existe un espazo libre de xiro de **1,50 m** de diámetro.

Inodoro

- O inodoro ten un espazo libre de achegamento de **90 cm** de ancho polo lado dereito e pola fronte de **1,30 m**.
- O asento está a unha altura de **40 cm** e o mecanismo de descarga a **73 cm**.
- Dispón dunha barra de apoio fixa no lado esquerdo e outra barra de apoio abatible no lado dereito a **55 e 76 cm** de altura e cunha separación entre ambas as dúas de **58 cm**.

Lavabo

- Debaixo do lavabo hai un espazo libre de **69 cm** de alto e **60 cm** de fondo. A billa é monomando.

- A altura do bordo inferior do espello é de **85 cm** e o resto dos accesorios do baño están entre **85 cm e 1,10 m**.

Ducha

- O cuarto de baño dispón de ducha, cun espazo de aproximación lateral de **1,80 m**.
- O prato de ducha está igualado co chan do aseo e o chan é antiescorregadizo.
- Ten un asento abatible e fixo, situado a **54 cm** de altura e cunhas dimensións de **47 cm** de ancho e **40 cm** de fondo.
- A ducha dispón dunha barra de apoio vertical xunto ás billas, situadas entre **40 cm e 1,50 m** de altura.
- A billa é monomando e está a **1 m** de altura. A alcachofa é regulable en altura entre os **1,30 e 1,90 m**.

Aseo adaptado en zona común

- Hai unha cabina de aseo adaptada, independente e común para ambos os dous sexos. Está situada na planta baixa e o itinerario é accesible.
- A porta da cabina está sinalizada co Símbolo Internacional de Accesibilidade (SIA), abre cara a dentro e ten un ancho libre de paso de **74 cm**.
- No interior existe un espazo libre de xiro de **1,50 m** de diámetro.

Inodoro

- O inodoro ten un espazo libre de achegamento de **1,30 m** de ancho polo lado esquerdo e pola fronte. O asento está situado a unha altura de **40 cm** e o mecanismo de descarga a **1 m**.
- Ten unha barra de apoio abatible no lado esquerdo e outra barra fixa no lado dereito, a **51 e 72 cm** de altura e cunha separación entre ambas as dúas de **70 cm**.

Lavabo

- Debaixo do lavabo hai un espazo libre de **78 cm** de alto e **50 cm** de fondo. A billa é monomando.
- A altura do bordo inferior do espello é de **1 m** e o resto dos accesorios do aseo están entre **1 e 1,30 m** de altura.

ACCESIBILIDADE VISUAL

Acceso

- A entrada principal do hotel ten **2** chanzos de **17 cm** de altura, cuxos bordos non están sinalizados cunha franxa antiescorregadizo de cor contrastada. Xunto a eles hai unha rampla de acceso como itinerario alternativo accesible.
- Os chanzos son do mesmo tamaño, con bocel e tabica.
- A porta principal é automática e acristalada, sinalizada con franxas que non teñen o suficiente contraste de cor para ser identificadas.
- O mobiliario do vestíbulo está distribuído de forma que non obstaculiza a circulación de persoas con discapacidade visual. Non existen elementos en beiril que impliquen risco.

Cuarto estándar (nº105)

- O número dos cuartos indícase en grandes caracteres e con contraste de cor.
- O mobiliario non obstaculiza a circulación de persoas con discapacidade visual.

ACCESIBILIDADE AUDITIVA

Cuarto estándar

- Existe conexión a Internet. Dispón de información escrita dos servizos prestados.
- A TV ten decodificador de teletexto.
- Hai un enchufe ao lado da cama.

Aseos Comúns

- As portas dos aseos non teñen un sistema de peche cun sinal visual de "ocupado ou libre" nin banda libre inferior que permita ver se hai alguén dentro deste.

Sinalización

- O hotel dispón de rótulos que sinalan a situación das estancias e servizos, presentan contraste cromático e non están complementadas en braille ou altorrelevo.

Atención ao cliente

- Ningunha persoa de atención ao cliente coñece a lingua de signos.

Outras estancias	Cubicación	Tipo de itinerario	Características destacables
Aparcamento	Subterráneo en planta -1 e exterior bordeando o Hotel.	Accesible por rampla vehicular de acceso e o exterior está bordeando o hotel a uns 100 m .	O aparcadoiro subterráneo ten unha praza reservada e sinalizada para Persoas de Mobilidade Reducida. A rampla vehicular mide 6 m de lonxitude, 2,80 m de ancho e ten unha inclinación do 21,6% . Os botóns para activar a porta do aparcadoiro están a 93 cm de altura. O timbre para activar o enreixado de entrada ao aparcadoiro exterior está a 1,15 m .
Restaurante/ Buffet	Planta baixa	Accesible	Mesas cadradas de 4 patas. Altura da barra do buffet: 75 e 85 cm Altura de mesa: 73 cm , Altura baixo mesa: 69 cm Ancho baixo mesa: 54 cm , Fondo baixo mesa: 83 cm Non dispoñen de carta en braille.
Cafetería	Planta baixa	Accesible	Mesas redondas con pata central. Altura de mesa: 67 cm , Altura baixo mesa: 60 cm Ancho baixo mesa: 70 cm , Fondo baixo mesa: 30 cm Non dispoñen de carta en braille. Altura de barra de cafetería: 1,11 m
Escaleira	Todas as plantas	Con ascensor alternativo	Tipo de escaleira: interior Chan de textura e cor distinta en inicio e final: Non Altura dos chanzos: 19 cm Fondo da pegada: 29 cm Con tabica: Sí . Con bocel: Sí Zócolo de protección lateral: Non Altura de Pasamáns: 97 cm , a un lado Oco baixo a escaleira protexido: Sí
Ascensor	Todas as plantas	Accesible hasta á porta	Altura dos botóns de chamada: 1,14 m Ancho da porta: 80 cm Ancho e fondo de cabina: 97 cm x 1,17 m Altura dos botóns de mando: entre 1,04 e 1,20 m Chan de textura e cor distinta fronte a porta: Non Cabina con sinais sonoros e visuais: Sí

			Botóns con números en altorrelevo e braille: Sí Botóns de cor contrastada: Sí Botón de emerxencia cunha testemuña luminosa: Sí
--	--	--	---